ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE MÚSICA

ACCESO

Requisitos xerais de acceso

1. Estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente, ou ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, e *superar a proba específica de acceso,* que terá como finalidade valorar a madureza, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Será diferenciada segundo a especialidade.

2. A superación da proba específica faculta para matricularse únicamente no curso académico para cuxo acceso fose convocada.

Proba que substitúe o requisito de titulación

1. As persoas que queiran optar á proba de acceso e que, **sendo maiores de dezaseis anos** non cumpran os requisitos xerais de titulación, deberán acreditar que posúen os coñecementos, habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas mediante a realización dunha proba. A superación de dita proba terá validez permanente para o acceso ás ensinanzas superiores de Música en todo o Estado.

2. A superación desta proba será condición indispensable para concorrer á proba específica de acceso.

A proba de acceso que substitúe ó requisito de titulación e a proba específica ás ensinanzas superiores de música realizaranse, cando menos, unha vez ao ano.

DURACIÓN

4 cursos académicos, de 60 créditos ECTS cada un.
(240 créditos)

TITULACIÓN

Título superior de Música seguido da especialidade correspondente.

ESPECIALIDADES (itinerarios dentro de cada especialidade)

Composición	Dirección	Interpretación (Acordeón, Canto, Clarinete, Contrabaixo, Fagot, Frauta Travesa, Gaita, Guitarra, Jazz, Óboe, Percusión, Piano, Saxofón, Trombón, Trompa, Trompeta, Tuba, Viola, Violin, Vilonchelo,…)	Musicoloxía (Histórica, Etnomusicoloxía)
Pedagoxía (Pedagoxía Instrumental, Pedagoxía da Linguaxe Musical)	Producción e xestión	Sonoloxía	Flamenco

Máis información

Consellería de Educación e FP

Ministerio de Educación e FP